

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 28 DE XULLO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial OU-0405 Maside-Cea a prol do Concello de Maside.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun protocolo entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Ministerio de Traballo e Inmigración polo que se prorroga para o ano 2011 o Convenio de colaboración suscrito, o 25 de outubro de 2005, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como de reforzo educativo, por un importe dun millón seiscentos dezanove mil cincocentos cincuenta e dous euros (1.619.552 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación do servizo de administración, xestión técnica, control, operación e mantemento da infraestrutura da rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia por un importe de dous millóns douscentos oito mil oitocentos sesenta e tres euros con dez céntimos (2.208.863,10 €).
- Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Compañía Loxística de Hidrocarburos S.A. sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster do Granito, en materia de prevención de riscos laborais e establecer un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, por importe de catrocentos vinte e catro mil euros (424.000,00 €).
- Acordo polo que se declara a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial "Gasoduto Guitiriz-Lugo" (concellos de Guitiriz, Vilalba e Begonte (Lugo)). para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o plan de traballo que realizará o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) no marco do convenio de colaboración entre o INEGA e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a execución do Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética 2008-2012, para a anualidade 2011, por importe de vinte e un millóns dez mil oitocentos oitenta e oito euros (21.010.888,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o financiamento do proxecto de Campus do Mar, seleccionado mediante o procedemento previsto no capítulo III da Orde EDU/903/2010, do 8 de abril, por un importe de cinco millóns trescentos mil euros (5.300.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos vinte mil novecentos sete euros con noventa e tres céntimos (320.907,93 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, nos anos 2011 e 2012, un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por importe de douscentos sesenta e nove mil novecentos corenta e cinco euros (269.945 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (CEHOSGA), para a promoción turística de Galicia, por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de media tensión, C.T. R.B.T Moreira sobre o monte veciñal en man común Bizoucas e outros pertencentes á Comunidade de San Vicente do Grove, no concello do Grove, Pontevedra. Superficie de afección: 19 m², promovido por Unión Fenosa Distribución S.A.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da resolución de inicio do expediente de suspensión para revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o gasto farmacéutico xuño 2011.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a postura de Galicia ante a reforma da política común de pesca (PCP).

A XUNTA REFUNDE A NORMATIVA AUTONÓMICA EN MATERIA DE TRIBUTOS CEDIDOS POLO ESTADO NUN ÚNICO TEXTO LEGAL

- ***A Consellería de Facenda elimina a dispersión acumulada durante 15 anos pola multiplicidade de normas aprobadas pola Comunidade Autónoma***
- ***Facilita ao cidadán o acceso á información e o coñecemento de toda a lexislación tributaria sen introducir ningunha novidade lexislativa***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto lexislativo polo que se unifica a normativa autonómica en materia de tributos cedidos polo Estado. Desta maneira, o proxecto elaborado pola Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda supón eliminar a dispersión normativa acumulada desde o ano 1996 pola multiplicidade de normas legais.

O obxectivo é proporcionar unha maior seguridade xurídica aos contribuíntes e dotar de maior claridade o sistema tributario aplicable no ámbito da comunidade autónoma sen introducir ningunha novidade lexislativa. Este decreto permite unificar un total de 82 normas recollidas en 14 textos legais aprobados desde 1996, ano a partir do cal Galicia ten competencias normativas en materia de tributos estatais cedidos.

Desta maneira, a Consellería de Facenda facilita ao cidadán o acceso á información e o coñecemento da lexislación tributaria en vigor e cumpre o compromiso recollido na Lei 8/2010, de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, a súa rehabilitación e financiamento e outras medidas tributarias.

Nesta lei recóllese que se debe elaborar no prazo máximo dun ano un texto refundido que inclúa a normativa autonómica vixente sobre os tributos cedidos estatais á comunidade galega.

Así, refúndense as disposicións legais aprobadas polo Parlamento de Galicia relativas ao imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre o patrimonio, o imposto sobre sucesións e doazóns, o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e o imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, así como dos tributos sobre o xogo.

Coherencia interna

No texto refundido harmonízase o contido introdutorio das disposicións refundidas, posto que estas incorporan normalmente un parágrafo introdutorio coa referencia á regulación estatal que recolle a competencia que exerce a comunidade autónoma en cada caso.

Para contar cunha norma coherente, e dado que a autorización inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais, introdúcese unha serie de disposicións xerais e de carácter aclaratorio do réxime xurídico aplicable aos tributos cedidos co fin de que o texto legal gañe en coherencia interna e se facilite ao cidadán o acceso e o coñecemento da normativa tributaria.

MEDIO AMBIENTE AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL MASIDE-CEA, A PROL DO CONCELLO DE MASIDE

- ***O cambio vén motivado porque o treito, que discorre entre os puntos quilométricos 0+000 e o 0+275, adquiriu características urbanas***
- ***A partir da formalización da entrega o concello encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial Maside-Cea (OU-0405) a prol do concello ourensán de Maside. O cambio vén motivado porque o tramo que discorre entre o punto quilométrico 0+000 e o 0+275, adquiriu características urbanas.

A entrega formalizarase no prazo de dous meses mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. O concello, a partir da formalización da entrega, encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non daren continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas nas cales se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

XUNTA E GOBERNO CENTRAL PRORROGAN O CONVENIO DE 2005 EN MATERIA DE INTEGRACIÓN E FORMACIÓN DE INMIGRANTES

- ***A cantidade total ascende a 1.619.000 euros, dos cales medio millón son achegados pola Administración autonómica***
- ***A cifra é a máis modesta desde a entrada en vigor do acordo, debido ao descenso dos recursos para este fin destinados polo Goberno central***

O Consello da Xunta acordou a prórroga para o presente ano 2010 do convenio de colaboración suscrito en 2005, entre o daquela Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo.

O importe total do protocolo da prórroga deste convenio é de 1.619.552 euros. A achega económica do actual Ministerio de Traballo e Inmigración é de 1.119.552 euros e a da Xunta de Galicia prevista neste protocolo de prórroga para este ano ascende a un importe de 500.000 euros con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de 2011.

Esta cantidade é a mais modesta desde a posta en marcha desta actuación conxunta, debido ao descenso dos fondos destinados a este fin por parte do Goberno central, que ao longo dos anos en vigor foi moi superior, acadando a cifra de 1.832.000 euros en 2005; de 2.671.000 euros en 2006; de 4.311.000 euros en 2007; 4.028.000 euros en 2008; de 3.567.000 euros en 2009; de 1.253.000 euros en 2010; ata os 1.119.000 euros deste ano.

A achega da Comunidade Autónoma é sempre porcentual respecto da estipulada polo Goberno central, polo que, como se ten demandado en reiteradas ocasións por parte da Secretaría Xeral da Emigración, agardábase un meirande esforzo por parte do Estado para poder garantir a continuidade de moitas das accións emprendidas nos últimos anos, que desta maneira verán condicionado o seu futuro.

A XUNTA MELLORARÁ A XESTIÓN DA SÚA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS CUN SERVIZO DE ATENCIÓN INTEGRAL MONITORIZADO AS 24 HORAS DOS 365 DÍAS DO ANO

- ***O Centro de Xestión de Rede é a unidade encargada de controlar e manter esta infraestrutura integrada por 4.500 equipos de comunicacións, máis de 60.000 dispositivos informáticos e 21.000 liñas telefónicas***
- ***A súa función principal é a de administrar e vixiar esta rede de xeito ininterrompido para detectar e corrixir calquera deficiencia, incluso antes de que sexa percibida polos propios usuarios***
- ***O servizo, que se licitará proximamente, permitirá á Administración autonómica mellorar o control dunha rede corporativa que conecta máis de 3.000 unidades administrativas***

O Goberno galego aprobou hoxe a licitación dun servizo de xestión integral da súa rede de telecomunicacións por un importe de 2,2 millóns de euros para o período 2011-2013. O novo servizo, que se licitará proximamente, permitiralle á Administración autonómica mellorar a xestión da súa rede corporativa que conecta máis de 3.000 unidades administrativas, organismos e centros dependentes da Xunta.

Este servizo realízase desde un único punto de atención, o Centro de Xestión de Rede (CXR), que garante a continuidade dos servizos de telecomunicacións da Xunta e mantén unha dispoñibilidade da rede superior ao 99,9%.

O novo contrato permitirá manter e mellorar o servizo centralizado desta unidade que precisa de técnicos e ferramentas especializadas para administrar, controlar e manter de xeito conxunto e coordinado todos os servizos da rede de telecomunicacións da Xunta. Entre as tarefas do Centro de Xestión de Rede está a do mantemento preventivo e vixilancia desta para detectar e corrixir calquera deficiencia, incluso antes de que sexa percibida polos propios usuarios. Ademais, tamén lle corresponde ao CXR garantir un servizo de calidade aos usuarios.

Servizo ininterrompido

O CXR manterá un servizo de coordinación permanente as 24 horas do día os 365 días do ano para supervisar, detectar e diagnosticar calquera incidencia de hardware ou software que poidan xurdir na rede, nos máis de 4.500 equipos de comunicacións que lle dan servizo a máis de 60.000 dispositivos informáticos conectados e máis de 21.000 liñas telefónicas. Esta unidade xestionará de forma centralizada as notificacións de avarías e as peticións de modificacións de calquera característica técnica ou administrativa da rede, tendo tamén como obxectivo principal a maximización do aforro e a optimización dos custos dos servizos, analizando e controlando o gasto da telefonía fixa e móbil e os servizos de datos, na procura da mellora continua.

A licitación do novo contrato enmárcase nas actuacións de modernización da Administración autonómica que se están a levar a cabo no marco da Axenda Dixital 2014.gal para ofrecer aos cidadáns uns servizos dixitais de calidade.

O Centro de Xestión de Rede é o responsable, polo tanto, de garantir a continuidade dos servizos de telecomunicación da Xunta e o seu papel cobra especial importancia de cara á posta en marcha do novo Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), que se está a construír na Cidade da Cultura e que integrará os servizos dos máis de 80 CPD que están funcionando a día de hoxe en toda a comunidade.

Neste sentido, cómpre recordar unha das melloras máis importantes na rede de telecomunicacións da Xunta, que é a creación dun dobre anel de fibra óptica entre e os CPD de San Caetano e Conxo, que actuarán de centros de apoio do CPDI. Deste xeito, a Administración autonómica contará cunha infraestrutura punteira para garantir a continuidade dos servizos ante posibles incidencias no CPDI.

A AXEGA COLABORA COA COMPAÑÍA LOXÍSTICA DE HIDROCARBUROS PARA GARANTIR E MELLORAR A ATENCIÓN DE EMERXENCIAS E A PROTECCIÓN CIDADÁ

- ***A Axencia asina un acordo de colaboración para elaborar protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e a Compañía Loxística de Hidrocarburos (CLH), que ten como fin principal garantir e mellorar a atención de emerxencias e a protección cidadá na Comunidade Autónoma galega. Ademais, entre a Axega e CLH elaboraranse protocolos para a actuación conxunta en materia de prevención e intervención das emerxencias.

Un dos obxectivos principais deste acordo é o desenvolvemento conxunto de plans de actuación operativa co fin de prestar unha actuación inmediata, áxil e eficiente en termos de tempo e recursos dispoñibles na comunidade galega. Proporase con carácter anual un “plan de acción conxunta” que poderá conter, entre outros aspectos, un programa de formación, un programa de visitas guiadas e un programa de simulacros conxuntos.

O centro de emerxencias CAE 112 Galicia e a Compañía Loxística de Hidrocarburos (CLH) acordaron establecer unha comunicación bilateral en relación as incidencias que poidan producirse en instalacións conectadas ás súas redes de distribución e que exixan intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento.

Co fin de mellorar a atención ás emerxencias, tamén intercambiarán información referente á cartografía, rede de infraestruturas, catálogo de recursos, previsións meteorolóxicas, entre outras, así como un catálogo de medios e recursos dispoñibles para a atención de incidencias, urxencias e emerxencias. En canto á tipoloxía das actuacións atópanse derramos, fugas, explosións ou deflagracións de produtos petrolíferos, incendio con presenza destes produtos ou olor a eles, así como colapsos de estruturas, riscos naturais onde estean presentes produtos petrolíferos ou carencia deles afectando os clientes dun municipio completo ou máis de 2.000 clientes dun só municipio. Tamén terán conta da activación de plans de protección civil e da intrusión ou sabotaxe de infraestruturas.

O CAE 112 terá información prioritaria e permanente durante a resolución de incidencias e emerxencias en que estea implicada CLH, e así poder exercer as súas funcións de coordinación con todos os organismos que interveñan na resolución da incidencia.

CLH colaborará coa Axega poñendo os medios humanos e materiais necesarios para solucionar as incidencias que se produzan dentro do seu campo de actuación, comunicando ao 112 estas actuacións. Ademais, as empresas poderán formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte a este tipo de emerxencias.

Tanto a Axencia Galega de Emerxencias como CLH manterán comunicación recíproca durante as 24 horas os 7 días da semana.

A XUNTA APOIA O SECTOR DO GRANITO CUN PROXECTO INNOVADOR NO EIDO DA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS

- ***A iniciativa financiada na súa totalidade pola Consellería de Economía e Industria, desenvolverase ao abeiro da estratexia de Xunta a prol do sector mineiro de Galicia, o fomento de investimentos e a creación de emprego neste eido***
- ***O Consello da Xunta aprobou a subvención dun estudo de melloras no eido dos riscos laborais nas industrias do sector, a implantación de novidades tecnolóxicas e a súa difusión***
- ***O proxecto prevé a implantación dos equipos e medidas deseñados en instalacións do sector para a eliminación do risco e verificación da súa eficacia***

A Xunta apoia a posta en marcha dun proxecto de tecnoloxía innovadora no eido da prevención dos riscos laborais, para o sector do granito. O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio de colaboración co Clúster do Granito, ao abeiro do cal a Xunta subvenciona o estudo de melloras no eido dos riscos laborais nas industrias do sector, a implantación de novidades tecnolóxicas e a súa difusión.

Esta iniciativa, financiada na súa totalidade pola Consellería de Economía e Industria, desenvolverase ao abeiro da estratexia da Xunta a prol do sector mineiro na Comunidade Autónoma de Galicia, destinada a fomentar a creación de emprego e investimentos nesta industria.

Ademais, para axilizar a posta en marcha deste proxecto, autorízase o establecemento dun anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia.

Este proxecto demostrativo inclúe a elaboración dun estudo sobre as medidas de control do risco de po, que inclúe a avaliación do nivel, grao de implantación e efectividade das tecnoloxías actuais, así como o deseño e creación de novos equipos, métodos ou materiais de protección ou a considerable mellora tecnolóxica dos existentes.

A iniciativa tamén prevé a implantación dos equipos e medidas deseñados en instalacións do sector, comprobación do cumprimento dos requisitos necesarios para a eliminación do risco derivado da exposición ao po e verificación da súa eficacia. O proxecto rematará coa difusión dos resultados obtidos, de cara a mellorar o axeitado asesoramento do sector.

A XUNTA IMPULSA O GASODUTO GUITIRIZ-LUGO PARA REFORZAR A REDE GASISTA GALEGA

- ***Esta infraestrutura suporá a mobilización de investimentos por preto de 15 millóns de euros***
- ***O Consello da Xunta de Galicia declarou o gasoduto Guitiriz-Lugo como proxecto sectorial de incidencia municipal, dada a importancia e a magnitude desta infraestrutura***
- ***O Goberno galego impulsa este proxecto para fomentar a atracción de investimentos e a xeración de emprego, nas comarcas da Terra Chá e de Lugo***
- ***Este gasoduto, cuxa posta en servizo está prevista no 2012, transcorrerá polos concellos de Guitiriz, Vilalba e Begonte, cunha lonxitude de 28 km***

O Goberno galego impulsa o proxecto para a construción do gasoduto Guitiriz-Lugo, co obxectivo de reforzar a rede gasista galega, flexibilizar e mellorar a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos e fomentar a atracción de investimentos, xunto coa xeración de emprego, nas comarcas da Terra Chá e de Lugo.

Consello da Xunta de Galicia declarou o gasoduto Guitiriz-Lugo como proxecto sectorial de incidencia municipal, dada que a importancia e a magnitude desta infraestrutura suporá un significativo adianto na subministración á provincia de Lugo e mobilizará investimentos por preto de 15 millóns de euros.

Con este acordo, o Consello da Xunta continúa coa aposta do Goberno galego no ámbito gasista, a prol das perspectivas de desenvolvemento social e económico de Galicia, tendo en conta que, na actual conxuntura, as empresa competitivas, con necesidade de calor nos seus ciclos produtivos, non poden prescindir do gas como principal fonte enerxética.

Este gasoduto, cuxa posta en servizo no ano 2012, transcorrerá polos concellos de Guitiriz, Vilalba e Begonte e terá unha lonxitude de 28 km. O seu inicio está previsto no gasoduto Vilalba-Tui de Enagás, no termo municipal de Guitiriz, e finalizará no termo municipal de Begonte, de xeito que formará parte do novo eixo de gasodutos de Galicia a Madrid.

A XUNTA IMPULSA O AFORRO E A EFICIENCIA ENERXÉTICA CUN PLAN QUE SUPORÁ A MOBILIZACIÓN DE INVESTIMENTOS POR PRETO DE 105 MILLÓNS DE EUROS

- *Consello da Xunta aprobou o plan de acción para o desenvolvemento das 15 novas actuacións de aforro e eficiencia enerxética*
- *Os sectores económicos estratéxicos e as administracións locais son prioritarios neste programa*
- *Na actual conxuntura económica, a Xunta de Galicia considera fundamental a posta en marcha dun plan que suporá un aforro de enerxía de preto de 200.000 MWh e evitará a emisión de máis de 42.000 toneladas de CO2 á atmosfera*
- *Este programa inclúe a posta en marcha dun novo Plan Renove dirixido á substitución de fachadas por construcións máis eficientes*

A Xunta de Galicia impulsa o aforro e a eficiencia enerxética cunha nova edición do programa da Consellería de Economía e Industria neste eido, que suporá a mobilización de investimentos por preto de 105 millóns de euros. O Consello da Xunta de Galicia aprobou o plan de acción para o desenvolvemento das 15 novas actuacións de cara a potenciar o aforro en todos os sectores económicos: industria, transporte, edificación, doméstico, servizos públicos, agricultura e pesca e transformación da enerxía.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria continuará avanzando na estratexia que está a desenvolver, desde o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), de cara a facilitar a adopción de medidas de aforro e eficiencia nos principais sectores económico-productivos.

Na actual conxuntura económica, a Xunta de Galicia considera fundamental a posta en marcha deste novo programa que suporá un aforro de enerxía de preto de 200.000 MWh e evitará a emisión de máis de 42.000 toneladas de CO2 á atmosfera.

A través da execución deste programa de actuacións 2011-2012, a Consellería de Economía e Industria desenvolverá actuacións novidasas, ao tempo que seguirá cos programas máis eficaces de cara a fomentar a eficiencia e o aforro enerxético, no que os sectores económicos estratéxicos e mais das administracións locais son prioritarios.

Actuacións innovadoras

Este programa inclúe a posta en marcha dun novo Plan Renove dirixido á substitución de fachadas por construcións máis eficientes que permitan reducir o consumo enerxético da vivenda. Ademais, tamén se desenvolverán diversos proxectos de aforro e eficiencia en centros consumidores de enerxía mediante empresas de servizos enerxéticos, unha nova modalidade de empresas que basean os seus cobramentos en función dos rendementos enerxéticos alcanzados.

A formación en materia enerxética no sector da edificación tamén terá unha grande importancia no ánimo de intentar reducir os custos enerxéticos e económicos. Levaranse adiante accións formativas diversas, sobre certificación enerxética de edificios, regulación de instalacións térmicas de edificios, etc. co obxecto de informar e formar os axentes que interveñen no proceso para incorporar criterios de eficiencia nas construcións.

Por outra banda, no eido da construción e consumo doméstico tamén se inclúen o Renove Fiestras, o Renove de Equipos de Climatización, o Renove de Equipos de Iluminación Interior ou Renove de Electrodomésticos. Liñas de apoio ás cales cómpre engadir o plan Renove de Vehículos Eficientes.

A importancia dos concellos neste eido

Asemade, nesta iniciativa continúaase co apoio que se vén prestando aos concellos, activando unha nova liña de axudas a estudos e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector de servizos públicos dirixida á realización de auditorías de iluminación exterior e a obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación pública exterior para concellos, cunha cobertura de ata o 75% da contía da axuda.

EDUCACIÓN ASINARÁ UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO CAMPUS DO MAR POR 5,3 MILLÓNS

- ***O departamento educativo da Xunta de Galicia avalará a Uvigo no préstamo concedido polo Ministerio***
- ***Ademais, a consellería comprobará o desenvolvemento do proxecto***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegará á Universidade de Vigo 5,3 millóns de euros ao abeiro dun convenio co Ministerio de Educación para o financiamento do proxecto de Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar *Knowledge in depth*, coordinado pola Universidade de Vigo.

O Consello da Xunta deu hoxe a súa autorización á sinatura dun convenio entre a consellería e a Universidade de Vigo, polo que a Consellería de Educación actúa como avalista do préstamo concedido polo ministerio, 5,3 millóns de euros, que irán destinados a executar as actividades previstas na iniciativa Campus do Mar *Knowledge in depth*. Con carácter previo á transferencia da contía da axuda, a consellería comprobou que a Universidade de Vigo formalizou os acordos con organismos de investigación, entes locais, empresas ou outras entidades aos que fixera referencia no seu proxecto de conversión a campus de excelencia internacional. Ademais, o departamento educativo da Xunta de Galicia realizará o seguimento do cumprimento destes compromisos e do devandito proxecto.

Deste xeito a Consellería de Educación asume a responsabilidade da supervisión da xestión do crédito concedido ao Campus do Mar para facelo realidade, o que demostra o compromiso do departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad no seu apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), que se afianza con este recoñecemento como un referente a nivel internacional, no marco desta nova etapa que constitúe o Espazo Europeo de Educación Superior.

O proxecto coordinado pola Universidade de Vigo é o segundo en Galicia en acadar o recoñecemento de campus de excelencia internacional, logo do Campus Vida coordinado pola USC, o que representa o triunfo da unión entre as tres universidades galegas nun proxecto común que integra a I+D+i, a empresa, e a excelencia arredor dos eidos mariño e marítimo”.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPULSA A FORMACIÓN DAS PERSOAS AO LONGO DA VIDA A TRAVÉS DA FUNDACIÓN ECCA

- ***A metodoloxía usada, con emisións radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual***
- ***Esta entidade leva 25 anos formando estudantes para a obtención do título de graduado en educación secundaria***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA na formación de persoas adultas para a obtención do título de graduado en educación secundaria. Este acordo supón dar continuidade a unha colaboración que se vén desenvolvendo desde o ano 2005, e que favorece a formación das persoas ao longo da vida, co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

Deste xeito, a Consellería de Educación destina nove profesores á atención do alumnado que se apoia na metodoloxía propia da Fundación ECCA -baseada nas emisións radiofónicas- para a obtención do devandito título, básico no sistema educativo actual. Cómpre salientar que esta metodoloxía resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

A Fundación ECCA, que ten como obxectivo fundamental a promoción cultural e a elevación da formación humana das persoas, vén inscribindo máis de medio millar de persoas adultas de Galicia nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria.

De feito, no curso que acaba de rematar inscribiu a 796 persoas adultas, que se apoiaron na metodoloxía e no material didáctico deseñado por ECCA, tanto escrito como audiovisual, para esa preparación. Ademais, puxéronse á disposición destas alumnas e alumnos clases radiofónicas e presenciais establecidas

Materiais e docencia

Ao abeiro desta addenda Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía, concretamente 13 libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Ademais, ECCA comprométese a emitir as correspondentes clases, unha hora diaria de luns a venres entre outubro e maio, e unha hora diaria de luns a venres entre xullo e agosto para clases de repaso. Os estudantes poderán escoitalas desde o canle 96.5 FM,- con cobertura en todas as Rías Baixas-, ou ben acceder aos CD que a Fundación deberá repartir a quen non teña cobertura para estas emisións.

Pola súa banda, a Consellería de Educación destinará nove profesores para atender este alumnado, orientalo, e gravar as clases que se emiten por radio. Ademais, estes docentes elaborarán os materiais escritos específicos que utilizan as persoas adultas que seguen estas ensinanzas.

Formación ao longo da vida

A colaboración con esta fundación ten como obxectivo impulsar a formación das persoas ao longo da vida, valéndose da capacidade dos medios de comunicación social –neste caso a radio- para chegar a todas as persoas, independentemente da súa situación xeográfica.

Así, a Consellería de Educación dá resposta a un maior número de persoas adultas que precisan da devandita titulación, básica no sistema educativo actual. Por outra banda, o acordo supón ampliar a oferta educativa para as persoas adultas a través dunha modalidade de formación semipresencial que incorpora a radio como vehículo de transmisión de saberes e coñecementos.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA ASINARÁN UN CONVENIO PARA A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería de Educación e a USC que recolle a realización dos materiais galegos para o Atlas Lingüístico da Península Ibérica***
- ***Grazas a este novo marco de colaboración, o ILG tamén dará continuidade aos proxectos de investigación lingüística que ten en marcha actualmente***
- ***Con este convenio a Consellería de Educación reafirma o seu compromiso coa investigación no eido das humanidades***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) desenvolverán, ao longo deste ano e durante o 2012, un programa de actuacións en materia de investigación lingüística que levará a cabo o Instituto da Lingua Galega. Farano mediante a sinatura dun convenio entre as dúas entidades, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta, e co que a Consellería de Educación reafirma o seu compromiso coa investigación no eido das humanidades.

Neste marco de colaboración, inclúese por vez primeira a elaboración e edición dos materiais galegos para o *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI), en colaboración cun equipo internacional de investigadores coordinado desde o Centro de Ciencias Humanas e Sociais, do Consello Superior de Investigacións Científicas. Os traballos ligados a este proxecto inclúen, entre outros, labores de dixitalización e clasificación dos materiais, transcripción fonética, incorporación de recursos gráficos e traballos de deseño da aplicación de consulta e da aplicación cartográfica de representación do ALPI.

Ademais da USC, participan na elaboración do ALPI a Universidade de Barcelona, o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, a Universidade Complutense de Madrid e a University of Western Ontario. O equipo galego estará dirixido polo profesor Xulio Sousa.

Recollida e dixitalización de novos textos orais

No marco do convenio, o ILG tamén dará continuidade aos proxectos que ten en marcha actualmente e cos cales a secretaría xeral xa viña colaborando. Entre eles atópase a elaboración de novos volumes do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), correspondentes á parte de léxico, que se veñen sumar aos do *Tempo atmosférico e cronolóxico* e do *Ser humano*. Así mesmo, daráselles continuidade aos traballos de corrección e mantemento da base de datos informática do proxecto.

O proxecto do Arquivo do Galego Oral (AGO) do ILG tamén recibirá un novo impulso. Este avance traducirase na preparación do material preciso para acadar progresivamente a plena dixitalización dos fondos orais. Os traballos para este

proxecto tamén incluírán a catalogación e etiquetaxe das gravacións dos anos 80, así como a recollida de textos orais dos escasos concellos dos que aínda non se ten documentación e gravacións nalgúns puntos do galego estremeiro, ou mesmo das variedades esencialmente galegas dos somontes da Serra de Gata, en Cáceres.

Ampliación da base de datos lexicográfica

A elaboración e actualización da base de datos lexicográfica e o mantemento do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) son tamén parte do labor que acometerá o ILG entre este ano e o 2012 ao abeiro do convenio. Con este fin, está prevista, entre outras accións, a incorporación ao *Dicionario de dicionarios* das dúas edicións de Leandro Carré Alvarellos que faltaban: a segunda, de 1933, e mais a terceira, de 1955, con 20.000 e 25.000 entradas, respectivamente.

Investigación sobre o galego medieval

Finalmente, o convenio inclúe novos traballos de investigación ligados a dous proxectos sobre o estudo do galego na época medieval. Por unha banda, impulsárase a edición da colección diplomática de documentos galegos medievais do mosteiro cisterciense de Santa María de Oia (Pontevedra). A través desta liña de investigación, intentarase localizar todos os documentos pertencentes a este fondo, coa intención de completar a súa primeira lectura e de achegar a dita información na futura publicación deste corpus.

Por outra banda, avanza nos traballos arredor do proxecto Xelmírez: Corpus romance da Galicia medieval. Para isto, amplíase o corpus de textos romances da Galicia medieval e continúa con labores de mantemento da aplicación en liña que fai accesibles os textos redactados en galego: o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), dispoñible na rede desde o ano 2004.

Ademais de seguir incrementando a base textual coa incorporación das novas obras e coleccións documentais –de Santo Estevo de Ribas de Sil, de Santa Comba de Naves, de San Pedro de Vilanova de Dozón, de Santa Cristina de Ribas de Sil etc.–, está prevista a implantación na rede do corpus Xelmírez, que dará acceso libre ao total dos textos (en galego, en latín e en castelán) e mais a presentación dunha nova versión do Inventario toponímico da Galicia medieval. Para o ano 2012, o ILG tamén presentará a Biblioteca dixital da Galicia Medieval (BGM).

Un referente na investigación lingüística

O ILG é un centro de investigación de recoñecido prestixio na súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica sobre a lingua galega. Os seus traballos, centrados na lexicografía, na xeografía lingüística e dialectoloxía, na onomástica, na fonética, na gramática, na sociolingüística e na historia da lingua, supoñen uns recursos imprescindibles no campo filolóxico e lingüístico que dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e para consulta e utilización de investigadores e público en xeral.

Para realizar os traballos de investigación do ILG, a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) colaboraron durante os anos 1987 e 1991, e a partir de 1994 fixérono ininterrompidamente. En recoñecemento ao frutífero labor desenvolvido por este instituto a prol da lingua galega nos últimos corenta anos, a Xunta vén de concederlle a Medalla de Ouro de Galicia 2011, a máxima distinción do Goberno galego.

Ademais do ILG, a Consellería de Educación apoia tamén o labor doutros organismos referentes que traballan a prol da lingua galega. É o caso da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, entidades coas cales a Xunta reafirmou nos últimos días a súa colaboración a través de cadanseu convenio.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 350.000 EUROS PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA TANTO A NIVEL AUTONÓMICO COMO EN CADA UNHA DAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS

- ***O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (CEHOSGA), para a promoción turística de Galicia***
- ***Para a consecución deste obxectivo, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo desenvolverá unha serie de actuacións de promoción de Galicia centradas na creación de soportes de apoio, a desestacionalización da demanda turística e a capacitación aos empresarios de hostalaría***
- ***O obxecto do convenio de colaboración comprende actuacións de divulgación turística da Comunidade Autónoma de Galicia en xeral e actuacións de divulgación turística das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en particular***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (CEHOSGA), para a promoción turística de Galicia. Deste xeito, a consellería destinará 350.000 euros para a realización das actuacións de fomento e promoción da oferta turística, dos cales o 70% corresponden ao *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2007-2013*. Segundo o convenio autorizado hoxe, ambas as institucións abordarán a promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico, tanto a nivel autonómico como en cada unha das catro provincias galegas, a través de diversas publicacións, planos, guías, incorporación de novas tecnoloxías e outras accións de promoción turística de Galicia.

Para a consecución deste obxectivo, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo desenvolverá unha serie de actuacións de promoción de Galicia centradas na creación de soportes de apoio á comercialización que faciliten a comunicación dos produtos definidos; a desestacionalización da demanda turística, fomentando as visitas fóra dos meses estivais a través da potenciación dos recursos turísticos e a capacitación aos empresarios de hostalaría para ofrecer un produto turístico cuns servizos de calidade, ofrecéndolle un valor engadido ao cliente. Os obxectivos destas actuacións, entre outros, son favorecer o coñecemento da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico de calidade, favorecer a sustentabilidade, a desestacionalización, e o reforzamento da súa marca de xeito que se acade unha vantaxe competitiva fronte a outros destinos turísticos.

A Consellería de Cultura e Turismo ten entre os seus obxectivos, levar a cabo accións de formación, potenciación e desenvolvemento do turismo. Deste xeito, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, entende que é de interese público para o turismo de Galicia dar a coñecer a comunidade de Galicia como destino turístico, atraendo a visitantes e turistas. Por outra banda, a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia (CEHOSGA) é unha entidade sen ánimo de lucro coa finalidade da xestión,

defensa e coordinación de intereses comúns do sector hostaleiro e turístico. CEHOSGA desenvolve a función de promover o turismo e todas aquelas actividades que se consideren necesarias e convenientes en beneficio da profesionalización do sector e que contribúan a incrementar o seu prestixio e dignificación. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo e a Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia consideran necesaria a subscrición dun convenio de colaboración para a realización desta actividade, como medio para o fomento e promoción da oferta turística de Galicia, nos termos expostos nos puntos anteriores.

Actuacións de divulgación turística

O obxecto do convenio de colaboración comprende actuacións de divulgación turística da Comunidade Autónoma de Galicia en xeral e actuacións de divulgación turística das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en particular. Neste punto destaca a edición de Veogalicia e Manual do Hostaleiro. *Veogalicia* é unha publicación que nace coa vocación de dar a coñecer os destinos turísticos que Galicia pode ofrecer, reinventando o concepto de coñecer Galicia a través das súas páxinas nun soporte de calidade, dedicándolle un número a cada destino. Por outra banda, a través do Manual do Hostaleiro preténdese recompilar as materias e lexislación que un establecemento hostaleiro debe cumprir segundo a normativa vixente. Con esta iniciativa preténdese axudar os hostaleiros na súa preocupación por cumprir coa legalidade e mellorar a calidade do seu establecemento.

As actuacións de divulgación turística das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra serán as seguintes:

- A Coruña:

1. Área de Compostela.

- Deseño, composición e maquetación dun plan actualizado en edición trilingüe (galego, castelán e inglés) de Santiago de Compostela, que inclúa a Cidade da Cultura e outros novos espazos da cidade, así como unha especial mención ao 800 aniversario da Catedral.

- Deseño, maquetación e composición dunha guía de recursos turísticos de Santiago de Compostela e comarca actualizada e en edición trilingüe.

2. Área da cidade da Coruña e Costa da Morte.

- Elaboración de planos da cidade da Coruña, área metropolitana e Costa da Morte, recollendo a oferta hoteleira de todas as categorías das diferentes zonas para a súa distribución en feiras internacionais, hoteis, estacións de ferrocarrís, aeroportos e puntos de información turística.

3. Área da cidade de Ferrol:

-FerrolVales Gastronómicos de Menú Como na Casa.

A promoción consiste na creación duns FerrolVales gastronómicos de Menú Como na Casa que se degustará nos establecementos de restauración de Ferrol e comarcas, formados por un menú do día pechado baseado na comida caseira de xeito que a experiencia de comer fóra sexa tan boa como cando se come na propia casa.

-Ruta do Café: FerrolVale Cafeteiro.

A promoción consiste na creación dun FerrolVale cafeteiro con distintas casas que os clientes dos establecementos de hostalaría deberán selar cada vez que tomen un café nos establecementos adheridos á promoción, de maneira que complete a Ruta do Café establecida. Unha vez completada a ruta, cun selo por cada un dos establecementos participantes, o carné estará totalmente cuberto e os clientes terán dereito a un almorzo gratis (café, zume e doce de almorzo) nun establecemento que se escollerá de entre os adheridos á promoción.

-FerrolValeDoces.

A promoción consiste na creación de dous itinerarios de doces típicos de cada establecemento participante, que se porán á venda cun prezo pechado e se poderán adquirir nos propios establecementos de pastelería e panadaría de Ferrol e comarcas. A través do Itinerario Ferrol Lambón poderá facer unha degustación dos doces típicos das pastelerías e panadarías de Ferrol e comarcas, a un prezo previamente fixado cos participantes na promoción. Este itinerario poderase ver detallado nun plano de Ferrol e comarcas que estará á disposición dos usuarios.

- Ourense:

Material promocional de Ourense Termal: insercións publicitarias, elaboración de folletos, trípticos, catálogo tanto impreso como audiovisual. O material promocional, realizado tamén en inglés, incluírá os balnearios coas súas ofertas para a tempada de outubro a abril e a súa distribución farase en feiras e eventos turísticos. Dinamizar e promocionar o sector termal na provincia de Ourense na tempada baixa é prioritario.

- Pontevedra:

- IV Mostra Gastronómica de Pontevedra.

Cociña Mariñeira. A Guarda. A III Mostra Gastronómica consistirá en ofrecer ao público a posibilidade de visitar os establecementos de hostalería da localidade da Guarda participantes e animar a probar pratos autóctonos da zona e tempada a todos aqueles que se achegan. O obxectivo é captar a atención do público en xeral e convidalos a que coñezan unha forma distinta de gozar da gastronomía elaborada na localidade. Elaborarase un plan de marketing que recollerá as seguintes accións promocionais: presentación da mostra e inicio das accións promocionais, campaña co slogan.

- Novas tecnoloxías para a promoción do turismo en Pontevedra: realidade aumentada.

Nesta campaña organízanse en varios puntos de España e Portugal xornadas técnicas-workshops en que se dan a coñecer a variedade de opcións e destinos turísticos que ofrece esta zona da provincia de Pontevedra. Para poder obter una vantaxe competitiva fronte a outros destinos turísticos é necesario desenvolver novas ferramentas de marketing cun gran potencial de impacto sobre o usuario.

-Accións que se están a desenvolver:

Deseño, edición e programación dun mapa xeolocalizador. Asociado a este publícase unha capa de realidade aumentada cos mesmos contidos e que ademais inclúe a posibilidade de realizar visitas virtuais 360° de cada una das empresas asociadas á Federación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Pontevedra.

Mapa xeolocalizador, mediante un clic accédese á ficha de contacto de cada unha das empresas. Inclúense datos de contacto, xeolocalización desenvolvida e visita virtual 360°.

Realidade aumentada, pódese acceder á capa desde calquera terminal móbil nun raio igual ou maior ao da provincia de Pontevedra e tamén desde o norte de Portugal. Mediante tecnoloxía GPS accédese á totalidade de información que contén o mapa xeolocalizador antes presentado. Inclúe a posibilidade de chamar directamente, ademais de seleccionar a mellor ruta de viaxes, mapa rueiro e de estradas incluídos.

Panoramas 360°, pódese acceder á visita virtual da empresa seleccionada desde o mapa xeolocalizador e desde o terminal móbil. Ademais, entrégase en formato cd e inclúese unha guía cos pasos necesarios para integrar o panorama en webs, blogs ou redes sociais.

- Lugo:

-Anuario-guía 'E para comer Lugo'.

Publicación anual en tres idiomas para a divulgación das riquezas da provincia de Lugo en todos os eidos, cultural, natural, patrimonial e, por suposto, gastronómico.

A edición do ano 2011 fará fincapé no concepto desestacionalización, ofrecendo suxestións para distintas épocas do ano nas diferentes comarcas da provincia de Lugo: rutas, festas, riqueza patrimonial e gastronómica. Trátase de subliñar que a provincia ofrece unha gran variedade de atractivos para todo o ano, distintos segundo a época de que se trate. A súa distribución farase nas oficinas de turismo galegas e das capitais da provincia do resto do Estado, a maioristas e operadores turísticos do estado, nas feiras de turismo de Lisboa, Hostelmás, Fitur, Valladolid, Bilbao ou Valencia, e en locais rexentados por lucenses en capitais españolas e estranxeiras.

APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN MOREIRA NUN MONTE DE SAN VICENTE DO GROVE

- ***O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicoulle o expediente á comunidade de San Vicente do Grove, quen non se opuxo ao dito proxecto***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de "Liña de media tensión C.T.R.B.T. Moreira", sobre o monte veciñal en man común "Bizoucas e outros", pertencente á Comunidade de San Vicente do Grove, no municipio pontevedrés do Grove.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra, o Servizo de Montes de Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente á comunidade afectada e abriuse un período de quince días para posibles alegacións. Esta comunidade non se opuxo á realización do proxecto.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo deste, propuxo que se informase favorablemente esta prevalencia, cunha afectación de 19 m², de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DUNHA NORMATIVA URBANÍSTICA PROVISIONAL PARA O CONCELLO DE OURENSE, QUE EVITE A INCERTEZA ACTUAL PROVOCADA POLA ANULACIÓN DO PXOM

- ***O Consello da Xunta aprobou esta mañá o inicio do expediente de suspensión parcial do Plan Xeral de 1986***
- ***Na ordenación provisional inclúranse 30 ámbitos territoriais en que concorren un especial interese xeral ou contan cos instrumentos de planeamento desenvolvidos conforme a LOUG. Ademais, mantense en vigor o catálogo de edificios que hai que conservar***
- ***A Xunta someterá este acordo á audiencia do Concello de Ourense durante un período de quince días hábiles***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comezou hoxe a tramitación dunha normativa urbanística provisional para o Concello de Ourense, que evite e remate coa incerteza urbanística actual provocada pola anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2003. O Consello da Xunta deu esta mañá o primeiro paso neste obxectivo, co acordo de inicio do expediente de suspensión parcial do Plan Xeral de Ordenación urbana do Concello de Ourense de 1986, que entrou en vigor tras a anulación do PXOM de 2003 polo Tribunal Supremo.

Este acordo implica a suspensión automática dos procedementos de outorgamento de licenzas nun total de 30 ámbitos ata a entrada en vigor da ordenación provisional para os mesmos, que deberá ser aprobada polo Consello da Xunta. Cómpre recordar que a anulación parcial do PXOM foi solicitada polo Concello de Ourense, mediante un acordo plenario adoptado o pasado mes de marzo.

A elaboración e tramitación desta normativa provisional é un dos froitos acadados no marco das reunións de traballo establecidas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, o que permitirá ordenar e regularizar 30 ámbitos, en que nalgúns casos concorre un especial interese xeral, polo seu carácter dotacional público ou pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal. A maior parte afectan a sistema xerais e actuacións públicas actualmente en marcha, como: o xulgado, centro de saúde, infraestruturas viarias, o plan estratéxico termal ou o matadoiro municipal.

Asemade, esta normativa tamén será válida para o amparo legal dunha serie de ámbitos, dos cales despois de analizar o grao de desenvolvemento urbanístico acadado ata a anulación do PXOM en marzo de 2011, comprobouse que teñen acadada a aprobación definitiva dos instrumentos de equidistribución, é dicir, teñen cumprido co deber de cesión e de distribución de cargas e beneficios, polo que son merecentes de conservar con plenitude os seus dereitos. Así, non deben atopar inconveniente na posibilidade de proseguir os procesos urbanizadores e edificatorios correspondentes.

Por último, o terceiro dos beneficios desta medida será o mantemento da vixencia, a modo de ordenación provisional, do documento regulador do catálogo de edificios a protexer, elaborado no ano 2003, o que foi solicitado tamén polo propio Concello de Ourense.

Con esta medida, a Xunta de Galicia garante unha solución que xuridicamente permita dar continuidade ao desenvolvemento da cidade a prol do interese xeral, ata a aprobación definitiva do novo PXOM que está a redactar o Concello de Ourense desde xaneiro de 2009, e para o cal a Administración galega achega máis de 500.000 euros.

O paso seguinte na tramitación será someter este acordo á audiencia do Concello de Ourense durante un período de quince días hábiles.

Colaboración institucional

Despois de que o Tribunal Supremo ditase unha sentenza pola cal se anulaba o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense en 2003, o Goberno galego apostou pola creación dun grupo de traballo técnico para abordar e buscar unha solución á situación urbanística do concello.

Así, desde o primeiro momento, a Xunta trasladou a mellor disposición para colaborar co Concello de Ourense na procura dunha solución transitoria ao urbanismo da cidade, así como para axilizar a redacción do novo plan xeral, que será a garantía definitiva da solución dos problemas suscitados. O propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, propuxo ao alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez, a finais de marzo, a creación dunha comisión técnica formada por representantes da Xunta e do concello para abordar a situación urbanística de Ourense e propoñer de xeito conxunto a mellor solución á situación actual.

Este equipo de traballo técnico mantivo tres reunións nestes meses, encontros nos cales avanzaron na tramitación do plan provisional e na que se chegaron a fixar os criterios que deben reunir os ámbitos para os que propoñerá unha ordenación provisional. Estes encontros foron moi produtivos e serviron para confirmar o grao de consenso que existe entre os representantes do concello, de tal xeito que este bo entendemento permite avanzar neste proxecto de ordenación que se atopa na recta final da fase de análise.

A FACTURA FARMACÉUTICA EN XUÑO DESCENDEU EN GALICIA EN 6,2 MILLÓNS DE EUROS EN RELACIÓN CO MESMO MES DO ANO ANTERIOR, O QUE SUPÓN UNHA DIMINUCIÓN DO 8,18%

A factura farmacéutica de Galicia no mes de xuño foi de 70,1 millóns de euros, segundo se recolle nun informe presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta pola conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía. Isto supón unha redución de 6,2 millóns de euros en relación co mesmo mes do ano anterior, cando foi de 76,3 millóns, o que equivale a unha diminución do 8,18%.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde aforrou xa, nos seis primeiros meses do ano, 56 millóns de euros, (facturación xan-xuño 2010, 476 millóns de euros; facturación xan-xuño 2011, 420 millóns de euros). Así mesmo, o gasto medio por receita reduciuse case un 15%.

No que atinxe á evolución da factura farmacéutica nos últimos anos, esta mantivo un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7% nos últimos cinco anos, ata 2009. O pasado ano 2010, reduciuse ata o 0,7%, aproximándose á estabilidade.

Polo tanto, a pesar do crecemento dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde foi capaz de pechar 2010 practicamente coa estabilización da factura, con crecemento cero. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado desde que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma. E no que vai do ano 2011, o dato de variación de gasto acumulado xaneiro-xuño 2011 sitúase nunha diminución do 11,78%.

Todos estes avances se lograron a pesar de que a poboación galega é unha das máis envellecidas, cunha porcentaxe de poboación maior de 65 anos do 22%, o que provoca un maior consumo de medicamentos, como consecuencia do aumento das enfermidades crónicas e da pluripatoloxía.

Evolución da prescrición de envases de xenéricos

Outro dato que hai que destacar e que mentres que a porcentaxe de prescrición de medicamentos xenéricos en Galicia no mes de decembro de 2010 situábase no 18,8%, o dato do mes de maio de 2011 reflicte unha porcentaxe do 29,95%, e no mes de xuño estímase que este indicador crecerá lixeiramente por riba do 30%; ocupando xa Galicia, no pasado mes de xaneiro do presente ano, unha posición intermedia respecto ás outras comunidades autónomas en canto ao dato de porcentaxe de prescrición de envases xenéricos.

GALICIA E EUROPA COINCIDEN EN DOTAR A ACUICULTURA DUNHA IMPORTANCIA CLAVE NA FUTURA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN

- ***A Consellería do Mar informou o Consello da Xunta da valoración inicial sobre a proposta da Comisión Europea para a nova política pesqueira común***
- ***Entre os aspectos positivos da proposta da CE hai que salientar os avances no recoñecemento dos dereitos transferibles de pesca e no campo da investigación e información científica***
- ***Entre os aspectos negativos destaca o mantemento, de facto, da estabilidade relativa, o que constitúe un desequilibrio na xestión e ordenación das pesquerías europeas e que é particularmente prexudicial para España***
- ***A proposta de Galicia defende que o sistema de esforzo pesqueiro é máis axeitado e concordaría de xeito máis eficaz con aspectos que expón á Comisión Europea na súa proposta***

Galicia e Europa coinciden en dotar a acuicultura dunha importancia clave na futura política pesqueira común. Así o reflicte a valoración inicial elaborada pola Consellería do Mar sobre a proposta da Comisión Europea para a nova PPC. Este documento, que se presentou hoxe no Consello da Xunta, expón que a proposta europea avanza neste e noutros aspectos como a rexionalización e o reforzo da capacidade do sector na gobernanza, pero engade que hai outros en que é preciso reforzar o traballo para obter un cambio definitivo.

Esta valoración foi realizada atendendo aos distintos sectores de actividade marítimo-pesqueira e ás suxestións formuladas na proposta de Galicia, que foi elaborada coa coordinación de administración, sector e grupos políticos con representación no Parlamento ante a reforma desta folla de ruta que supón a nova PPC.

No que respecta aos aspectos positivos, a Xunta de Galicia salienta a coincidencia entre Galicia e a Unión Europea no desenvolvemento dun modelo sustentable nos eidos ambiental, social e económico. Tamén a concordancia total coa planificación disposta para desenvolver a acuicultura nun futuro, xa que a proposta da UE postula a necesidade de desenvolver plans plurianuais nacionais e, nalgúns casos, como Galicia, xa se está a traballar para a redución da burocracia, a afirmación da seguridade xurídica, a confirmación da compatibilidade entre protección ambiental e a instalación de plantas e o intercambio de experiencias.

Entre as liñas positivas tamén destacan os avances no recoñecemento dos dereitos transferibles de pesca, a pesar de que a súa transferencia entre Estados membros dependerá da autorización de cada un dos países. A proposta tamén inclúe melloras no campo da investigación e información científica ao recoñecer a importancia dos aspectos económicos e sociais para avaliar as pesquerías e a súa xestión, e do papel dos consellos consultivos rexionais como organismos de consulta nos aspectos de xestión, a pesar de non ser vinculantes nin predominantes.

Outro dos aspectos positivos da proposta é o reforzo das organizacións de produtores pesqueiros como entidades con capacidade para a regulación dos mercados, xa que supón un avance na organización dos mercados comúns. O reforzo do papel do sector na gobernanza da actividade a través da participación nos consellos consultivos rexionais é outro dos elementos positivos. Tamén a inclusión de mellores medidas para unha xestión eficiente e estable como a inclusión preponderante dos plans plurianuais, a pesar de que o que defende Galicia é o seu establecemento como fórmula xeral para reforzar a seguridade na evolución da capacidade de pesca.

En canto aos aspectos negativos, a Xunta destaca no documento o mantemento, de facto, da estabilidade relativa, o que constitúe un desequilibrio na xestión e ordenación das pesquerías europeas e que é particularmente prexudicial para España. Ademais, considera excesivas algunhas das medidas de reforzo do control, moi afastadas do necesario labor de control e recolección de datos para a análise e seguimento da pesquería. Outro dos aspectos discordantes son as medidas con afán recadatorio, entre elas a inclusión de taxas por pescar en augas internacionais, xa que poderían derivar nun agravio comparativo con outras frota estranxeiras. Galicia tamén valora negativamente a reiteración da necesidade de acadar o nivel de rendemento máximo sustentable nun espazo breve de tempo, debido a que é inasumible económica e socialmente. Ademais, salientouse tamén a escasa valoración que fai a proposta europea do marisqueo e da pesca costeira artesanal como elemento dinamizador do litoral.

Outros aspectos respecto da proposta galega

Outros dos aspectos a que fai referencia esta análise é o sistema de xestión das pesquerías. Neste sentido a proposta da UE opta polo sistema de TAC, pero recolle aspectos que reforzarían a posibilidade de substituílo polo de esforzo pesqueiro, tal e como defende Galicia na súa proposta. Neste sentido, a valoración lembra que o modelo de esforzo pesqueiro é máis doado de controlar e de seguir na súa aplicación sen ter que recorrer a métodos novos. Ademais, este sistema sería máis axeitado e concordaría coa progresiva incorporación dunha obriga de eliminación de descartes que propón a UE, xa que o sistema de TAC e cotas favorece os descartes.

Respecto da definición de políticas máis participativas, esta valoración inicial da Xunta de Galicia, salienta a necesidade de determinar de maneira máis segura, definida e exacta as competencias que desenvolverá cada un dos niveis administrativos que interveñen na pesca europea, no obxectivo de avanzar cara á rexionalización.

Medidas que se van promover

Para presentar argumentos á Unión Europea na procura dun cambio definitivo da Política Común de Pesca, Galicia vai promover unha serie de iniciativas como a formación dun grupo de traballo co sector no que se analicen as súas propostas e se determinen os argumentos. Outra das iniciativas é a presentación de estudos de reforzo dos argumentos en defensa da proposta de Galicia, especialmente no relativo á incorporación dun sistema de xestión baseada no esforzo pesqueiro e da importancia de valorar a capacidade de xeración laboral e económica que a pesca costeira artesanal e o marisqueo teñen nas zonas litorais.